

PMP Ed. 7 Project Management Professional – 2º edición

Descrición

A medida que o mundo laboral segue evolucionando, os/as profesionais buscan formas de actualizarse e prepararse para os cambios organizativos aos que se enfrontarán. Para aqueles/as que desempeñan funcións de xestión de proxectos, esta é unha solución destacada que pode marcar a diferenza. O PMI creou a certificación de Project Management Professional (PMP)® para recoñecer a directores/as de proxecto que demostraron que posúen as habilidades para xestionar proxectos de maneira exitosa. Esta certificación demostra experiencia no liderado de proxectos e pericia en calquera forma de traballo. A certificación valida que vostede está altamente cualificado en:

- Persoas: Recoñecendo que ten as habilidades para liderar e motivar eficazmente a un equipo de proxecto ao longo dun proxecto.
 - Procesos: Utilizando enfoques predictivos, áxiles e híbridos para determinar que forma de traballar é a mellor para cada proxecto.
 - Negocio: Destacando o éxito dun proxecto e o seu impacto nos obxectivos estratéxicos xenerais da organización.
- Este curso alíñase cos contidos definidos no ECO (Exam Content Outline) e proporciona os coñecementos necesarios para prepararse para a certificación PMP®.

Obxectivos

- Entender a contorna empresarial no que se desenvolven os proxectos, o aliñamento estratéxico necesario, o cambio organizativo e o valor que xerarán, así como os aspectos de goberno e cumprimento dos proxectos
- Coñecer os aspectos fundamentais que deben atoparse identificados para comezar un proxecto.
- Entender como deseñar un plan de proxecto adaptado ás necesidades do proxecto.
- Coñecer as habilidades necesarias para liderar ao equipo do proxecto e aos interesados para conseguir os obxectivos do proxecto.
- Entender as accións necesarias para dar soporte ao desempeño do equipo, avaliar o progreso do proxecto e mantelo no curso apropiado.
- Organizar o peche do proxecto ou a fase.

Dirixido a

Persoas que teñen experiencia en xestión de proxectos, independentemente de que a súa función oficial no traballo sexa a de director/a de proxectos, que non son profesionais certificados e que poden ou non recibir formación oficial en xestión de proxectos.

REQUISITOS:

Opción A: Se tes Título Universitario (de 4 anos ou equivalente global)

- Experiencia en Proxectos:
 - Mínimo de 36 meses (3 anos) de experiencia única e non solapada na dirección de proxectos dentro do últimos oito anos.

Opción B: Se tes Diploma de Bacharelato (ou Título Asociado/Secundaria, ou equivalente global)

- Experiencia en Proxectos:
 - Mínimo de 60 meses (5 anos) de experiencia única e non solapada na dirección de proxectos dentro do últimos oito anos.

BENEFICIOS

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Diploma de asistencia

Perfil do docente

Authorized Training Partner PMI

PROGRAMA Programación 2026/27

TIPO CURSO

MATRÍCULA Gratuíta

PERIODO INSCRICIÓN 01/02/2027 - 15/02/2027

PROBA DE SELECCIÓN 16/02/2027 (00:00)



CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Presencial
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	35 horas
DATA INICIO	01/03/2027
DATA FIN	09/03/2027
HORARIO	De luns a venres de 16:00 a 21:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	PMP
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 5 horas
TECNOLOXÍA	PMI
PERIODO DOCENCIA	01/03/2027 - 09/03/2027

Temario

Lección 1: Contorna Empresarial
Fundamentos
Aliñamento estratéxico
Beneficios e valor do proxecto
Cultura organizacional e gestion do cambio
Gobernanza do proxecto

Cumprimento do proxecto

Lección 2: Iniciar o proxecto

Identificar e involucrar ás partes interesadas

Formar o equipo

Construír un entendemento compartido

Determinar o enfoque do proxecto

Lección 3: Planificar o proxecto

Planificación de proxectos

Alcance

Cronograma

Recursos

Presuposto

Riscos

Calidade

Integrar plans

Lección 4: Liderar o equipo do proxecto

Desenvolver as súas habilidades de liderado

Crear unha contorna de equipo colaborativo

Empoderar ao equipo

Apoiar o rendemento dos membros do equipo

Comunicarse e colaborar coas partes interesadas

Capacitar aos membros do equipo e ás partes interesadas

Xestionar conflitos

Lección 5: Apoiar o rendemento do equipo do proxecto

Implementar a mellora continua

Apoiar o rendemento

Avaliar o progreso do proxecto

Xestionar problemas e impedimentos

Xestionar cambios

Lección 6: Pechar o proxecto/Fase

Pechar o proxecto/fase

Realización de beneficios

Transferencia de coñecemento